



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE Decreto aprobación Bases XXXVI Concurso de Contos Vila de Ponte deume. 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G003/000105

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver as bases reguladoras que rexerán o premio para o XXXVI Concurso de Contos Vila de Ponte deume, asinadas e presentadas pola Concelleira de Cultura D^a Alejandra Bellón Tenreiro.

Tendo en conta o documento de Retención de Credito de data 19/02/2026 da Intervención Municipal de fiscalización favorable do expediente e no que se indica a existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento de 2026, para a aprobación do presente gasto, a imputar na aplicación orzamentaria 3321.48005, por importe total de 600 € (documento contable de retención de crédito número 220260000033)

Considerando a atribución concedida a esta Alcaldía segundo o establecido no artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases reguladoras que rexerán o “XXXVI Concurso de Contos Vila de Ponte deume”, que se transcriben a continuación:

XXXV CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME BASES

BASES

1. Poderán participar neste concurso estudantes de Terceiro e Cuarto da ESO, Bacharelato, Ciclos de Formación Profesional Básica e Ciclos de Formación de Grao Medio ou Superior, cuxa idade non supere os 20 anos.
2. Cada participante poderá presentar un só conto, escrito en lingua galega, que deberá ser orixinal, inédito, e non publicado e premiado con anterioridade ou estea pendende de decisión dun xurado noutros concursos. Non se admiten contos presentados en edicións anteriores deste concurso.
3. O conto presentarase en tamaño DIN-A4, tipo de fonte Arial, corpo 12, a dobre espazo, escrito por unha soa cara, paxinado, e cunha extensión mínima de seis páxinas (6) e máxima de oito (8). Deberá iniciarse cun título escrito en letras maiúsculas e debaixo deste irá escrito en cursiva o pseudónimo que elixa cada persoa participante. En ningún caso poderá figurar o nome e apelidos do autor ou autora. Os contos que non cumpran estes requisitos serán declarados nulos.
4. Presentación dos contos:
 - Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume. De xeito presencial ou ben por correo certificado ao mesmo (Rexistro Xeral do Concello de Ponte deume, rúa Real 13, 15600 Ponte deume. A Coruña).





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Irán en sobre pechado en cuxo exterior constará o nome do concurso: CONCURSO DE CONTOS 2026, o título da obra e pseudónimo do autor ou autora. En ningún caso poderá figurar o nome e apelidos do autor ou autora.

No interior xuntarase outro sobre pechado co título do conto e co engadido DATOS, que conterá no seu interior o título do conto e pseudónimo, nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, correo electrónico, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

- Ou ben, a través de correo electrónico a correo@pontedeume.gal. O asunto da mensaxe do correo electrónico será CONCURSO DE CONTOS 2026 e deberanse achegar dous documentos:

Un arquivo co título do conto que conterá a obra. En ningún caso poderá figurar o nome e apelidos do autor ou autora.

Un arquivo co título do conto co engadido DATOS, que conterá o título do conto e pseudónimo, o nome e apelidos do autor ou autora, a fotocopia do DNI, teléfono de contacto, enderezo, indicación do centro no que cursa estudos e estudos que está a cursar.

5. O prazo de admisión finalizará ás 23.59 h do 23 de abril de 2026.

6. Establécese un único premio dotado con **600 €**. (Este premio está suxeito á retención vixente do IRPF, art. 70)

7. O premio poderá quedar deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.

8. Así mesmo, o xurado poderá determinar o outorgamento de accésits.

9. O xurado será designado pola Concellería de Cultura e a súa composición darase a coñecer ao facerse pública a súa decisión. O propio xurado determinará o seu sistema de traballo, avaliación e votación; e a súa decisión será inapelable. A acta da decisión do xurado farase pública na web do Concello de Ponte deume.

Non serán devoltos os exemplares presentados.

A decisión do xurado comunicaráselles ás persoas galardoadas con tempo suficiente respecto do acto público de entrega de premios e farase pública o mesmo día da entrega dos premios.

As persoas galardoadas deberán estar presentes o día de entrega de premios, ou ben as persoas que designen na súa representación, salvo causas de forza maior que deberán ser comunicadas.

10. O día da entrega dos premios será o día 17 de maio de 2026, Día das nosas letras.

11. O Concello de Ponte deume resérvase a posibilidade de publicar o premio e accésits no momento que considere conveniente. Neste sentido, o autor ou a autora renuncia a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor e o/os exemplar/es que entregue da súa obra quedarán en propiedade do Concello.

12. A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarlle previamente ás persoas participantes.

13. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación 3321.48005 do orzamento municipal da anualidade de 2026.

TERCEIRO.- Dar traslado ao departamento de Intervención, debido aos efectos económicos implícitos ao acto administrativo así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Don Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a. María Roca Vázquez, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)

